

B A N D O

Neste ano, como en anteriores, observamos unha preocupante proliferación de comercios que, instalados principalmente no ámbito da Cidade Histórica, estenden a súa actividade á vía pública ou á fachada dos seus establecementos, xerando con isto unha imaxe non acorde cunha cidade que debemos coidar pola súa vocación de patrimonio de toda a humanidade.

Esta é a razón de lembrar a toda a cidadanía de Compostela a normativa vixente en materia de protección do medio ambiente urbano e uso da vía pública e, moi especialmente, o Plan especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela. Neste sentido, ao abeiro da competencia de que outorga o artigo 21 da Lei 7/85 do 2 de abril,

DISPOÑO

1 Queda prohibida, sen a previa autorización municipal, a fixación de carteis, a colocación de soportes e a manifestación de calquera actividade publicitaria en todo o ámbito do Plan especial correspondente á cidade histórica.

2 Prohíbese expresamente a invasión da vía pública con calquera elemento ou produto destinado á venda ou exposición, así como a colocación destes nas fachadas dos edificios, xambas, linteis, medianeiras ou lugares visíbeis desde a vía pública.

O incumprimento do disposto dará lugar á inmediata retirada dos ditos obxectos e á imposición das sancións previstas na normativa vixente: artigo 59 do Texto refundido 781/86 do 18 de abril, Lei 42/1975 do 19 de novembro, artigo 55 e seguintes da Ordenanza xeral de protección do medio ambiente urbano e demais normas aplicábeis.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2004

O ALCALDE

Asdo.: Xosé A. Sánchez Bugallo